



## **CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”**

Estimados nais e pais:

Coñecendo a importancia de desenvolver unha axeitada competencia lectora nos nenos/as do 3º e 4º niveis de primaria, dende o Dpto. de Orientación do colexio, ofrecemos algunhas pautas para mellorar e aproveitar os momentos de lectura na casa:

### ***Estratexias para mellorar a comprensión lectora***

A comprensión lectora é a capacidade para entender o que se le, tanto en referencia ao significado das palabras que forman un texto, como con respecto á comprensión global do texto mesmo.

Cada vez son máis os alumnos/as aos que lles **resulta difícil sacar información do que len, interpreta e reflexionar sobre a mesma.**

A comprensión lectora mellora coa práctica. Tanto pais como educadores debemos ter presente que a lectura debe ser un pracer, non unha obriga. Sería ideal fomentar o hábito da lectura dende pequenos na casa, con contos ou adiviñas, e animar aos nenos/as a ler eles sós, sen axuda, progresivamente.



Hai que escoller lecturas interesantes axeitadas á idade dos nenos/as, os seus intereses persoais e actitudes para facilitar que o feito de ler sexa sempre un pracer.

O obxectivo é que amose cada vez maior interese e que se esforce en comprender o que le, por iso o contido deberá de estar acorde cos seus coñecementos, cun vocabulario axeitado e sen formas gramaticais ou construcións sintácticas que lle resulten frustrantes.

Calquera momento é bo para motivar ao neno/a, pode ler tebeos, revistas ou artigos de periódicos acordes á súa idade, o que resultaría unha boa opción.



## CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

### Actividades para mellorar a comprensión lectora tamén dende a casa

- Propoñer situacións nas que sexa necesario ler unha receita de cociña, as instrucións dun xogo, o artigo dunha revista, un anuncio publicitario...
- Buscar a palabra fantasma: seleccionar un texto no que se suprimen varias palabras fáciles de deducir polo contexto da historia. O neno debe adiviñar cales son esas palabras que faltan.



- Plantexar un tema calquera e quen consiga máis información sobre el, gaña (utilizar revistas, dicionarios, enciclopedias)
- Técnica da idea principal: amosamos ao neno/a a imaxe dunha acción concreta (por exemplo, fotos dunha revista, periódico) e ofrecemos diferentes textos que a describan. A continuación, deberá escoller aquel que mellor a explique.
- Tamén pode realizarse sen necesidade de debuxo algún: despois de ler o fragmento dun texto, lle pedimos que explique o sentido principal e o tema do que acaba de ler.
- Outra boa idea é subliñar a que el/ela pense que pode ser a *idea principal de cada parágrafo*.
- Facer un resumo: lectura dun texto, o neno debe escribir unha ou dúas frases que o resuman. Outra opción é que conte en poucas palabras de que trata a historia.
- Despois da lectura, realizar un debuxo ou unha dramatización (pequena representación teatral) sobre o contido.
- Escribir finais distintos para unha mesma historia.
- Completar e ordenar frases, facer sopas de letras, responder preguntas relacionadas co texto...
- Lectura simultánea: ler unha frase e, a continuación, enunciado outra co mesmo significado pero con palabras distintas, máis sinxelas. Así, aprende vocabulario e comprende máis facilmente o que acaba de ler.
- Ler cuidadosamente títulos, encabezados e pés de páxina, dado que aportan en poucas palabras moita información relevante que nos axuda a comprender mellor o texto.